



BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Fora, > 50 >

Coste d'un número 10 >

América 2 pts. trimestre

Número 18

Redacción

e administración:

CANTÓN GRANDE, 16

BAIXO

A CRUÑA

10 DE MAYO

UNHA NOVA XORNADA GRORIOSA

## HOMENAXE ÓS MÁRTIRES DE CARRAL

**¡Adeprende, xuventude de sapos!**

**FUMOS** Os Amigos da Fala a Carral c'ou xeto de relembra un novo aniversario da morte d'aquelas vítimas da tiranía centralista. Fumos o derradeiro domingo. Fixemos unha xira brillante e froitífera, que gabaron por anticipado dous colegas cruñeses: La Voz del Obrero e La Ciudad.

Descubriremos o auto, como debéramos describilo, non é cousa doada, porque no noso boletín xa hai pouco espazo. Obríganos, pois, isto a sintetizarmos.

Logo da chegada dos hirmáns—y algunhas persoas máis sinificadas coma os señores Moret, Trabadelo e Perina—ô termo do viaxe, fono ô cimenterio de San Esteban de Paleo pra visitarmos as covas onde durmen o derradeiro sono aqueles homes románticos e xenerosos, máis esquecidos do que deberían ser, a quen os bárbaros absolutistas centralistas aldraxaron, aldraxando n'eles a tod' a nosa terra pol-os labres do xeneral Concha, cando dixo, bulrándose da santidade d'un instante tráxico, según reza a Hestoria: «Gallegos, ¿QUEREDES SER LEBRES? Pois serédelo.»

Alí, n'un momento de cordial emoción, o venerabel amigo D. Manoel Insua Santos, militar xubilado que leva no seu peito nobres arelas de liberdade—que non sinten ¡ai! a maioría dos rapaces das nosas vilas,—propuxo a idea de facer unha suscri-

ción pra erguer un mausoleo sinxelo, pro dino, ós héroes do alzamento galego do 1846. Y-a idea foi acetada. Recaudáronse preto de 50 pesetas no auto, e c'os nomes dos donantes abriremos unha lista no próximo número d' A Nosa Terra.

Logo díxose unha misa con responso na ermida do Socorro que costeou do seu peto o

notable e patriota hestoriador do feito que se lembraba, D. Francisco Tettamancy.


Siguidamente organizouse un mitin, ô aire libre, tendo por tribuna os oradores a base do cruceiro que ergueu en boa hora a «Liga Galega da Cruña»—xa morta—en lembranza dos mártires, na praza de Carral.

Todal-as xentes d'aquel pobo a mais d'unha milleira de labregos, asistiron ô auto, escoitando e apraudind'os que falaban, con verdadeiro entusiasmo. Somellaba unha minsión, ben que de xeito cidadán.

Persentou ós oradores en verbes cheos de fogosidade, D. Francisco Tettamancy, home de moito talento e de gran corazón. Nos seus ollos brilaba a xenreira que produce a inxusticia.

Siguiu no uso da palabra, Xosé Paredes, un rapaz que alí fixo seu debut coma orador galego con verdadeiro éxito. Tivo unha lembranza pr'ás vítimas da tiranía, empallando no seu recordo ós mártires de Carral con Casement, Rizal e outros nomes sinificados.

Logo falou Antón Villar Ponte, trazando unha breve síntesis hestórica. Dixo que Galicia, eterno Nazareno, alcontrou o martirio unha vez mais en Carral. «Eiqui está—berraba— a cruz simbólica que lembra aquel martirio: cruz de pedra, cruz de gra-



Cimenterio de San Esteban de Paleo

nito, verdadeira cruz galega, axeitada á nosa natureza; cruz dina d'emparellárese co'as cruces de pau, embrema da redención cristiana, e non co'esas cruces de ferro en cuio nome a tiranía ensanguenta y-asoballa hoxe o mundo». «Eiqui—dicia—deberan vir adprender as podres xuventudes, tuberculosas do espírito, que dobregan o espiñazo nas nosas vilas, ante os amos que reparten credenciás, chamándonos cursis e tolos a cantos sentimos e pensamos, a cantos non queremos sere neutrales en nada, porque perferiríamos a morte ó alcume de neutros». «Din—concrúeyu—que a vía láctea guiaba ós pelengrinos que iban a Compostela. Que a vía roxa que vai do Medulio à Frouseira e da Frouseira a Carral, nos guíe a nos».

Falou, pol-o derradeiro. Lois Pena Novo. Foi unha fermosa conferencia, posta o alcance dos labregos, sóbor dos benficios da cooperación. Dixo que a redención dos traballadores do campo ha sere obra d'aquelles traballadores mesmos. Citou elocuentes e sinxelas estadísticas amostradoras das ventaxas dos sindicatos agrarios. Invitounos a asociárense n'un senso alleo a toda política, que lles dará mañán prena liberdade económica, redimíndoos das poutas da usura e do caciquismo.

E estivo tan feliz, e tanto o seu costume n'estes trafegos d'organización labrega—a él se lle deben moitos prósperos sindicatos que hoxe hai na comarca villalbesa—que pouco dimpois de ficar o mitin, xa se daban os primeiros pasos pra constituír unha sociedade agrícola en Carral.

Pena Novo, na compañía d'outros hirmáns, voltará axiña a aquela vila pra interpretar o auto do derradeiro domingo. Logo en total-as aldeias do derredor da Cruña fárase unha labor somellante. E non pode, coidamos nos, facérese cruzada galeguista mais outa.

O segredario do Auntamento de Carral o mesmo que o que foi alcalde, noso amigo D. César Otero, tiveron moitas atencións para os viaxeiros cruñeses. Agasalláronnos c'un café d'onore. Por elo ficamos mui obrigados.

Témol-o orgulo d'unha nova xornada gloriosa e exemprar. Si hai unha xuventude de sapos en Galicia, tamén xurde outra escolleita de homes que levan sua estrela na frente, pensando que non é con charangas, con xantares, con cantos d'Orfeón e adulaciós a persoaxes, c'o que se fai patria, inda que se fagan plataformas.

E agora, irmáns, ¡¡a Compostela, o próximo día 13!!

O amor pol-a terra é o formento da sua dinificación e progreso.

Pobo que recobra a sua fala, recobra tamén o seu espírito.

## DO GRAN POETA DA NOSA RAZA

# SONO DOURADO

### Pra a miña muller

#### I

¡O meu sono labrego! Unha casiña preto do río ó abrigo dos pinales, con piornos y-alboys nos currales e palleiros na eira e na curtifiña.

Ó pé da casa un muiño cantareiro ó son da lira d'ágoa que enche o caño, baixo o maino agarimo d'un castaño y-os amorosos brazos d'un cruceiro.

Todo ó longo d'aberta do muiño tortas e vellas cepas de albariño c'os asios mestos no bendito outono.

E un ferrado de terra por facenda pra prantío e xardín; libre de renda, diesmo a Dios sin foreiro nin mais dono.

#### II

San argullo da casa, unha lareira na que arderan enteiros os carballos, arrodada de afumados tallos, con forno cheo e forte gramalleira.

E do inverno nas noites, cando o vento nos altos pinos seus doores laya e misterioso rube dend'a praya a ronca vos do mar, no antigo asento de meus abós labregos e cristianos, presidindo o rueiro de aldeanos que a relocente labarada doura, oubir contar, doído, a un xornaleiro—follas sin escribir do Romanceiro!— a lenda triste d'unha reina moura.

#### III

Ir á misa nas festas y-a saída na paz do adro conversar c'os vellos d'esos ditos, costumes e consellos con que a vida do campo está tecida,

Tral-o homilde xantar, mentras que a xente moza relouca no turreiro, leda, lér un libro no fondo d'arboreda ou visitar na vila algún parente.

Y-ó volver cara á chouza, paseniño, practicando d'anada c'un veciño, baixo a dourada craridá da tarde ir vertendo, ó pasar, na aldea en calma, este saúdo todo mel da y-alma: «¡vaya con ben, paisano! ¡Diol-o garde!»

#### IV

As traicións y-ás inxurias xordo e cego, sobre total-as cousas d'este mundo arrolar meu amor, nobre e profundo, á redención do escravo chan galego.

E si un día felís contr'a inxusticia nos agros celtas o cramor se escoita, ser dos primeiros en abril-a loita baixo a santa bandeira de Galicia.

Seguil-a sempre, y-ou laval-o aldraxe d'ese feudal, sangrento vasallaxe que lle impon contra lei, a hirman Castela, ou no aberto combate malferido ó pé d'un valo vello e frorecido, unha mañan de sol, morrer por ela!

#### V

E si o ceo dispon de outra maneira meu sinxelo vivir, facerme vello tendo a honra do nome por espello y-a probeza por dina compañeira.

Vel-os meus fillos, para ben, criados, amantes do seu chan, traballadores, sin rebaxarse nunca ant-os siñores nin erguerse xamais ant-os coitados.

E cando chegue o día da partida, acollendo sin medo a nova vida, limpa a conciencia de mundano lixo, morrer cristiano, baixo própeo leito, mandando, como éd'uso e de dereito, o corpo á terra, a y-alma á Dios que a fixo!

#### VI

#### ENCOMENDA.

A ti, miña muller, arca pechada que no seu fondo garimoso encerra o que me queda santo sobr'a terra, van estes versos de visión dourada.

Eles diránche que, a través da vida, sempre, sempre miña alma soñadora pidélle a Dios que na postreira hora cerre os meus ollos esa man querida.

E n'eles vai, paxaro cara ó niño, agardando que o acolla teu cariño, este meu rogo que a visión compreta:

Quero na lousa que me dé sosego esta palabra que ten luz: *Gallego* y-esta palabra que ten áas: *Poeta*.

RAMÓN CABANILLAS.

## UN ENXEBRE

O Director do boletín O TIO MARCOS D'A PORTELA e ferrolán.

Sen embargo en Ourense donde mora fai moitos anos teñen por ourensano a Hixinio Ameixeiras.

E abofellas que lles sobra a razón pra consideral-o asina.

El creou a festa d-os nenos probes, e grazas á sua costanza y á sua autividá fai dez anos qu'os probes nenos desherdados d'a fortuna n-o día de Reises, teñen coma os ricos, roupa, xoguetes e pan.

El foi quen creou a Irmandade dos Ami-

gos da Fala gallega n-a cibdá d'as Burgas.

El o que n-o Ferrol chaman consul d'a cibdá departamental en Ourense pol-o que fai por canto c-o seu pobo d-orixen ten relaceon.

El o que iste ano c-o gallo d'a festa d'a Santa Cruz, deu un aspecto tan típico á cuas que abandonada fradición d'os *Mayos* que mereceu as loubas de todos.

Dise que c-o motivo da entrega d'a bandeira ó coro Toxos e Froles, virá ó Ferrol e falará n-a nosa meiga fala.

Será cousa de ver se por unha vez xiquera se disminte o dito de que naide e profeta n-o seu péis.

## Verbas dos mestres

De Gabriel Alomar

*Hestóricamente non comprendo a España sen Portugal. Galicia, a rexión lusitana d'España, foi no lirismo castelan o que a Provenza pra Cataluña.*

*¿Xuntanza entre España e Portugal? Si; pro moito mais social que política. Fainos falla en primeiro termo mútua comprensión; imponendo silencio ás imbecilidades pobres co-as que enchimos cativos carraces d'espada. Políticamente, quizais podería chegárese a un acordo somellante ó que axunta ós Estados escandinavos.*

*Sen unha somellanza de formas de goberno antr'os dous pobos, paréceme platónica aquela arela. Unha República española, sería oxe un paso considerabel pr'á xuntanza, apartada de maneira explícita de toda unidade, e moito mais fautíbel si o recoñecemento da persoalidá de Cataluña poidese compretar ese fecundo rexuntamento en Iberia. Eisi ficaría salvada, no posíbel, o equívoco fatal dos Poderes españoles no 1640, que deron a Portugal y a Cataluña unha irmandade hestórica de rebelión. A nova Iberia quedaría constituída por tres persoalidás colectivas, asiñaladas xeográficamente no senso da lonxitude. E esas tres sicoloxías compretaríanse, neutralizándose: o grupo occidental celta (galego-portugués), o grupo central (Castela e seus somellantes no idioma, c'o pequeno grupo escecional vasco) e o grupo oriental, cada un co'a súa lingoa característica.*

*Tense dito que si Felipe II houbera posto súa corte en Lisboa, o porvir d'España sería outro. En Toledo, a cidade imperial, que vive de lembranzas, ollaba eu un día a cativa corrente do Teixo, e pensaba: —«Este río, un dos maiores da Iberia, une as dúas cidades simbólicas da Península: Toledo, a que acocha no seu seo un pasado que empéñase en vivire, cadavre parásito sóbor do corpo d'España, e Lisboa, a que se despreguiza con total-as febres da modernidá.— Onte Portugal desbotou os vellos poderes podrentos; oxe adiántase nas trincheiras onde loitan dous mundos, e aparelase co'a libertade.»*

### Tempada de D.<sup>a</sup> María la Brava ou os oito sábados brancos

DOÑA María Guerreiro—de bastidores pra dentro saben porque lle chamámola «brava», n'este caso sinónimo de zarina—dounos unha tempada de «sábados brancos» que desexamos. ll'aproveite ó abono,

tan distinto n'aparencia coma eclético en cuestiós d'arte.

Oito obras parvas, a cal mais esvaída e artificiosa. Por certo que D.<sup>a</sup> María se terá rido dos nosos xornás ó velos tan provincianos nas gabanzas.

Verdadeiramente se a dramática española d'hoxe non é mais que o que a compañía da Guerreiro nos amostrou, os americanos alcontrarán na pobreza creadora dos nosos autores un motivo novo pra sentírense mui alongados espiritualmente da vella metrópoli.

Moitas cousas cursis fixo a compañía «aristocrática» na Cruña. Pro ningunha tanto coma «Campo d'Armiño» de Benavente. «Campo d'Armiño» é unha obra irresistible pr'ós homes cultos. Unha obra propia pra facer chorar ás porteiras leutoras de folletins. Non hai vulgaridá que n'ela non s'atope. Aquel persoaxe que intelpreta Díaz de Mendoza, «méteme en todo» ridículo; aquela marquesa que encarna a Guerreiro—a Guerreiro do eterno xeito monótono—tan fora da realidá que quere sere nai e sin que nada llo impida, non o é; aquel rapaz que renega da que o pareu—exe de tod'a obra—

coma si esto fose xa confito na dramática moderna que pide cousas universás... Logo, unha chea de logares comúns retóricos. ¡E pra chegar a esto enterramos a Echegaray!

Fálase da cultura. ¡Oh a cultura! E na hora d'amostrala a «xente ben» descobre a folla de parra.

Os que s'entusiasmen con «Campo d'Armiño» non teñen dereito a falar de arte.

Dentro de oito ou dez anos quenes hoxe apraudiron aquela cursi, falsa, obra de Benavente, —«Colar d'estrelas» inda e mais— arripintiránse dos seus xuicios d'agora.

Verdá é que a maoría do público que hoxe *soporta* o cartel de «sábado branco» da Guerreiro aburriríase vendo repersentar «Hamlet» «Casa de muñecas» e «Os Tecedores» de Hauptman, por exemplo. Sóbor todo a derradeira na que as *toilettes* elegantes, non figuran pra nada.

Teatro que teña xente do pobo por protagonistas, non gusta. ¿Como ha gustar, pois, un teatro galego no que haxa pasións labregas?

Por algo a Guerreiro «desertou» do día de «Juan José». Conoce muy ben o corazón da a...ris...to...cra...cia.

## OS LOBOS

por VICTORIANO TAIBO

I

—Ou ti, petrucio engoumado,  
¿Por qué saloucas, meu vello?  
Unha manada de lobos  
Montesíos e famentos  
Ten tristes y-espaventados  
Ós labregos do concello  
Cando denoite, oubeando,  
Baixan da serra pr'os eidos,  
Nas leiras sembran-o estrago,  
Nas almas sembran-o medo.  
—¿E que fai a mocidade?  
—Doise do seu e do alleo  
Y-atenta ó mal dos viciños,  
Sairá mañá de cedo  
De montería pra serra,  
Y-eu da mocidade espero  
Que se porte cal de cote,  
Y-amostre cal son de rexos  
Os seu peitos, e de moles  
Os seus nobres sentimentos.  
¡Ouh, quen poidera axudal-os!  
Mais... ¡xa vou vello!

II

—Ou ti, petrucio engoumado,  
¿Por qué saloucas meu vello?  
—Marchoume o fillo meirande,  
Que era o meu único achego;  
Por loitador e garrido  
Tivo que deixal-os eidos.  
Hai un lubicán na aldea  
De ruís, e mouros feitos,  
Cursario no ladroizo  
Lobo cal ningún famento,  
Coutadore das concencias,  
Cadea do pensamento,  
Ena que enriba de nosco  
Debéu de paril-o inferno;  
Y-as feras nunca perdoan  
Ó que, valente y-ergueito,  
Falalle ás almas dormentes  
De Libertade e Dereitos.  
—¿E que fai a mocidade?  
—¡Vai de baila no turreiro!  
A paus os eivara a todos;  
Mais... ¡xa vou vello!

## LÓSTREGOS

## OS CATRO REXIONALISMOS

**E**NDE que o rexionalismo tomou cartas de natureza na nosa terra, surxiron catro xeitos de rexionalistas: parvistas, centralistas, libertistas e nazionalistas. Si os non coneces vol-os persentarei.

## PARVISTAS.

Son a forza maor, mais a súa forza é pasiva, dormida, morta. inútil pra o ben e pra o mal. Forza que costitúe a nosa xuventude falla de fé e de crêza, pol-a que pasa a vida, insensibelmente, coma pasa pol-as penas baixas da costa a rompente do mar.

Si lén o non fan por adprender, pois atópanse fallos de senso pra elo; lén os filósofos pra impoís nomeándos na conversa ou en esqurtos, adquirir unha miuda capa de barnis de falsa cultura.

Son os eternos escravos do *di ben*. Si algún dos prohombres a quen miran de xionllos—non porque defenda o ideal *ache* ou *be* sinon por sel-o xefe ou caudillo—o viran comendo cañotos—que algunchos os comen ás acochadas—pol-a rua, tende por seguro que os labregos atoparían unha fonda riqueza na venda do que agora queiman por non servire pra outra cousa. Teñen o mundo por un xigantesco escaario onde hai que brilar e ter lus, inda que ista seia com'â dos fogos fatos que sendo lus non alumea e sendo fogo non quenta.

Pra eles pertenceren a unha agrupación ideialista, percisan ver na lonxincua un cárrago de brillo ou un emprego d'estrónico. Os ideias en que non hai próisimos froitos, onde a labor e anónima e fai falla fé e constancia sin ter en premio nin unha soia e triste gabanza, non sirve pra eles. Son por ser; non son porque o son.

## CENTRALISTAS.

Os verdadeiros rexionalistas de folk-lore. Non son aitivos nin pasivos: non son nada. Gaban en castelan a fermosura do noso idioma e a dozura dos nosos cantos porque o ouiron dicir, non porque o sintan nin o comprendan. Naderon eiquí, coma puideron nader no Exipto, na China ou no Congo, pois ista clas de homes sin vountade, son fenómenos con que a sabía natureza creba o conxunto viril de unha raza.

Pra eles non hai outro ideial que as cousas feitas. Atoparon feito o centralismo e centralistas son. Si naderan escravos, seguirían sendo co-a mansedume do boi que guiado por cativo rapas o sigue a onde aquel o leva, sin lembrarse que con someillante dono abóndalle non a forza que ten sinon o soio peso do seu corpo, pra desfaguerse d'él co-un sinxelo tirón da corda.

Son os probes d'esprito que viven da esmola que lles dan. O verbe *rebeldía* o non teñen no seu dicionario. Onde os poñen, están.

Eles virán ás filas do nazionalismo, cando o nazionalismo esté feito. Son homes a colocar de menos servizos que os calendarios de parede, pois mentras istos teñen unha folla pra cada un día, eles soio dispoñen en troques de unha pra tod'ô ano: a de momias.

## LIBERTISTAS.

Paxaros de conta. Escravos ô fin, acostumados â tralla do dono, e que tendo puxos de redimirse e ser libres, queren dar un pulo até quedarse en libertos, pra non votar de menos a influencia do dono.

Pregoan un rexionalismo con certos ribetes nazionalistas. Rexionalismo que hai que conquistar—según eles—sin estridencias de linguaxe, con noxenta humildade, con panos quentes. Aconsellan tempranza por rebeldía, agarimos por odios, e silencio por berros, coma si de iste xeito chegáramos a conquistar o mais pequeno adianto pr'â nosa terra, ou coma s'iso non fora o que se veu faguendo até o de agora.

## AIRES DA TERRA

*Sóbor de Galicia como sóbor do pobo xudío parece pesare unha maldición. Os galegos somos para a maioría do mundo unha raza estrana.*

*Os mais groriosos poetas y-escritores de Castela aldraxáronnos nas suas obras. E continua aldraxándosenos. Hoxe coma hontem. Non soyo en España, senon fora d'Epaña.*

*Foi n'un xornal de Nova York, con motivo do viaxe de Mr. Gerard; foi en Bos Aires, por mediación da policía na persoa d'un irmán noso; foi na Habana, pol-a boca d'unha cociñeira española, metida a cupletista,—Amalia Isaura—quen n'un couplet nomeado «A Mulata» ridicoliza os galegos; foi na «Acción», de Madrid, onde Ramón Peña, histrión despreciabel, publica as primicias d'un libro no que tamén se fai bulra da nosa maneira de falar; foi no «A B C», de Madrid igualmente, onde Xulio Cezador lembra â Galicia de barrendeiros; foi na zarzuela de Vives, onde porque os portugueses lles soupo mal que se nomease Vasconcellos un persoaxe bufo trocouse aquel nome por outro galego: o de Carballeira.*

*Mais isto é d'agora, do momento. Tempos atrás Palacio Valdés, no «Imparcial», falaba da cutrería galega, e Gómez Carrillo traducía un libro francés no que s'inxuriaba â nosa raza, é Pérez de Ayala, na novela «A M. D. C.», encarnaba n'un estudante fillo de Galicia tod'a porquería que poida dárese n'un rapaz, e Alba, pornunciando unha conferencia na Academia de Xurisprudencia, facía rir a cantos o escoitaban, lembrándose do acento galego de Montero Ríos.*

*...Pro inda mais. Cando «Celita» tourea nas prazas castelanas ou andaluzas, si está de boas, nunca falla quen diga: «parece mentira que sexa galego, inda que pol-o pouco xeitoso amotra selo»: Y-unha escramación somellante facían os cubanos e españoles de Cuba ô vere os voos da noso aviador Piñeiro.*

*Si; coma os xudíos; pior que os xudíos, pois estes non teñen patria, pro conservan a súa lingoa; pior que os xudíos pois temos vergoña de sere galegos, e pra que non se nos seipa que o somos, percuramos ocultare o acento. E soyo atopamos loubas en Castela cando séndoo—según aló dín—«non parecemos galegos». Y-ô que lle dín que non parece galego—n'aquelas terras—énchese d'orgulo.*

*E eisí, imos negando a nosa patria, arrenegando da nosa natureza; eisí somos un pobo sen alma, unha Galicia «desgaleguizada», un territorio d'onanistas espirituales.*

*Y-o acento galego, produce risa; y-en troques—fixádebos ben—o rudo acento catalán non a produce. E os catalás percuran subrayare o seu acento coma un timbre d'orgulo. E trinta millós d'homes. antros nosos labregos e traballadores y-o mundo d'orixen portugués, falan galego...*

*¡E hai quen di en Galicia que naide nos aldraxa, que os aldraxes de que falamos nos, os bós e xenerosos, son cousas dos poetas da terra!...*

*Somos unha raza estrana; unha raza que até que sinta na súa concencia seus deberes e vexa lostreguear a súa dinidá, será pior cen veces e cen veces mais merecente de lástema que a triste raza xudía, falla d'un «territorio» coma nos, pro dona d'unha patria espiritual: a que lateza na lingoa.*

A nosa lingua pra eles é letra morta. Querren a Galicia en castelán e ô cantarlle os seus quereres, soio fan adicarlle en cada agarimo unha poutada i en cada gabanza un aldraxe.

Fitan a Galicia pol-o cristal Castela e atópana fermosa sin verlle a probeza e valente sin verlle a humildade. Lémbrense de Castela pra esquecerse de Lusitania. Son tan malos e desleigados fillos, que odian á irman de raza pr'adicarlle os amores á madrastra. Son suas aspirazons: axionllándose, arrastrándose, conquistar un anaco de liberdade pra chegar a libertos.

**NAZONALISTAS.**

Sómolos nosco. Os *bós e xenerosos* qu'empregamos o noso idioma n'unha prosa baril i ergueita, que os que a non entenderon non souberon faguer. Temos poetas e tampouco choran: ¡berran! Cabanillas, Rodríguez González, Taibo, López Abente e algunhos mais que istán con nosco, falan da terra asoballada pra pedir xusticia e das inxurias pra pedir venganza. Son poetas nazonalistas, dos que non choran nin se laian coma femias. Siguen a escola de Curros e Pondal, os visionistas, os que mantiveron alceso ô través de unha época de poetas chorós e de homes castrados, o agarimo á patria.

Temos fe na loita é esperanza no porvir da nazon galega. Somol-os rebeldes, os que ñoramos a humildade, os qu'empregamos estridencias de linguaxe, os que predicamos odios pra recoller tempestades e qu'elas caian sóbor os curpabres do noso asoballamento. Somol-os gardadores da tradizón da nosa raza, o pequeno feixe d'enxebres que han dar exempro as concencias dormidas dos nosos irmáns. Os que coidamos que o sacrificarnos pol-a patria é un deber, e o loitar pol-a liberdade un dereito. ¡Ou galegos ou nada!

RICARDO CARBALLAL.

**SUSCRICIÓN PR'A NOSA BANDEIRA**

	Pesetas
<i>Derradeira suma</i> . . . . .	20'25
Sra. Pura González de Lugo . . . . .	2
» Mercedes Fernández de Veiras . . . . .	1
» Eudosa Alvarez de Cabanillas . . . . .	1
Srta. Socorro Lugo Orta . . . . .	2
» Pilar y Pura Lugo . . . . .	1
» Hermitas López . . . . .	1
» Amparo Peña . . . . .	1
» Florinda Paredes . . . . .	1
» Maruxa Basanta . . . . .	2
» Sara Riveiro . . . . .	1
» Palmira López . . . . .	1
» Anxela Ruibal . . . . .	1
» Maruxa Palazuelos . . . . .	1
» Africa Cervigón . . . . .	0'25
» Matilde Díaz Baldrich . . . . .	0'50
» Emilia Díaz Baldrich . . . . .	0'50
» María Luisa Cabanillas . . . . .	0'50
<i>Por xunto</i> . . . . .	38'00

**O DERRADEIRO PRECURSOR**

**CANDO CUMPRE OITENTA E CATRO ANOS**

O PRÓXIMO día dezasete cumpre oitenta e catro anos o noso patriarca don Manuel Murguía. Queremos adicarlle unha garimosa lembranza con tal motivo. E un deber da nosa xuventude. Os novos temos d'onorar ôs vellos, ôs ancianos coma o ilustre presidente da Academia Galega que puxeron no chan á semente dos santos ideás que axiña coidamos que darán froito.

Murguía, ese velliño miudo, enchisteirado, de longo gabán; de brancos cabelos e de pera branca, de xeito echegarayesco, que paseia pol-as ruas cruñesas a cotío, é coma un capítulo da nosa Hestoria. E o ùneco «Precursor» supervivente; precursor do rexionalismo, precursor da democracia, precursor da literatura. Companheiro da divina Rosalía, él sabe das gurias e das amarguras do vivir; él puxo os cementos da Hestoria de Galicia; él foi o primeiro que escribiu na España, n'esa prosa castelana, limpa, transparente, valeira de retoricismos e chea d' emoción, que hoxe cincela con éisito outro paisano noso: don Ramón del Valle Inclán.

Murguía, como naide, alumeou as fontes da nosa concencia hestórica. Murguía tronou con carraxe e xenreira d'apostol, contra do criminal caciquismo. Murguía puxo por ves primeira sóbor do tapete rexional o estudo sereo dos problemas da terra. Foi precursor en todo: até na orixinal maneira d' escribir do americano Vargas Vilas.

E o «home representativo» d'unha época groriosa que co'a sua desaparición do mundo ofreóceranos unha efeutiva solución de continuidade; coma un elemento valioso para o estudo da que poidéramos chamar nosa geología social contemporánea.

Murguía é forte, baril pesi-a cativeza do



MANUEL MURGUÍA

seu corpo Sigue sendo a sua unha alma moza. Home de febra enxebre, coma os vellos carballos, cando se sinten desenrraigados, inda ten, pra ofrecérnola, a soma verde das derradeiras follas, nas que cantan os paxáros y-o sol brinca feito frangullas de luz.

Vello, nobre e venerabel mestre: A Nosa TERRA facéndose intérprete do sentire sinxelo e sinxeiro de total-as Hirmandades da Fala, co'a mel do afeuto nos labios, escribe mollando a pruma en sangue de xenerosidá e de xusticia—que é sangue d'unha outa xuventude que leva a estrela na frente e no peito o cantar—estas liñas latexantes d'amore. D'amore pra vostede; de carraxe pr'ôs que vostede odiou.

¡Por moitos anos, patriarca da Terra! Que os que camiñen pol-a sua veira o ollen con respecto, se non saben—¡pobres d' eles! —sentire admiración...

Publicamos agora unha poesía que como lembranza do novo aniversario do insine

historiador galego nos dou o notable pubricista Euxenio Carré e Aldao, que val mais que moitos farsantes agasallados un día sí e outro tamén.

Védea eiquí:

#### A MURGUÍA

Eu quero n-este día, o corazón erguido, contarvos do petrucio a loita longa e dura: ¡Se fun seu compañeiro nas horas de amargura, testigo dos seus triunfos tamén o teño sido!

¡Seus triunfos, si! Por certo, ben dinos de alapos fixo dos ilotas d'un pobo adormexado, (banza un pobo que conscente esculca seu pasado e alenta no seu peito o lume da esperanza

El libertou os nosos do enervadoiro mol: tiroulles da ignorancia a escravitu que aferra; e a un pobo que cravaba os ollos sempre en terra o fixo ollar ó Ceo de cara para o Sol.

Erguéu, a quen tremante, n'osóu se ter en pe: á hoxe enrenque raza, n-outroira prepotente, marcóulle do destino a ruta refulxente e camiñar adiante a fixo pol-a fe.

El, deu á doce fala, o termos devoción, facendo que os poetas erguéramos altares e que nas meigas follas dos *Aíres* e *Cantares* tivera noso pobo seus libros de oración.

De aceiro para a loita, non soubo se torcer e forte, cal-a pena, na fera acometida, a custa do seu sangue, a patria xurde á vida e a obra redentora chegou a frolecer.

A terra agarimosa, seu sangue recolléu, que non en terra estérea caíu viril semente, e a patria, hoxe o coroa, cinguíndolle na fronte loureiros e guirnalda c'as frolas que tecen.

Se os días xogorales á patria doullos él: se feros e amarguexos libóu no seu camiño, n-ancianida gloriosa llos premia c'o cariño o pobo libertado na terra de Israel.

EUGENIO CARRÉ ALDAO.

#### PRA QUE VEXAN OS CEGOS

### ¡Adiante qu'imos por bon camiño!

Fai pouco tempo que m'atopo n'a miña terra, dempois d'unha longa estancia en Madrí de mais de vinte anos, e con verdadeira satisfacción á pouco de tornar pra ela, veño sendo testigo d'un ridente alborear, nado n'ista fermosa cibdá d'a Cruña, alborear n'o que vai camiñando Galicia con pasos de xigante que nos ha de levar a fermosas obras. Lonxe d'eiquí, n'a miña vida n'a Corte, en cantas ocasións tiven chameime galego con tanto mais orgulo canto que vía mais veces d'as que quixera o erro lastimeiro que de nos teñen formado esas xentes d'alleas terras, qu'en boa hora sea dito, non conseguiron roubarme nin un anaco xiquera d'o cariño, é d'admiración que sinto pol-a miña; cariño que quixera hoxe poder reflexar c'a pruma c'a mesma fidelidade que o sinto drento d'o meu peito. Obrigado pol-os meus sentimentos de bon galego dou ao prelo istes ringlós c'o deseyo y ó pensamento de que fago *unha labor* traballando con ardimiento pol-a nosa causa, úneca maneira de

que todos facendo o mesmo podamos chegar a resultados prácticos d'os que nos chamamos tan fallos.

Galicia até d'agora foi ó que os gobernantes quixeron que fora. Dende hoxe en adiante buscando ó seu rexurdimento é co-do él ó engradecimento do pobo berra e berra forte porque así se debe facer cando o berro vai empuxado pol-a xusticia. ¡Por qué berramos? porque queremos o que até d'agora non tivemos; *personalidade*. Non pedimos tolerias. ¡Por qué nos atopamos tan deixados d'a man de Deus pol-os gobernos? ¡E que somos tan pouquirrichiña cousa que non se nos ve na carta d'España? Outros pobos hai que sendo coma nos é algúis aínda menos, ven con fartura satisfeitos seus deseyos.

Os nosos problemas, os problemas que temos que resolver é darlle xeito n'a realidade son moitos, mais todos hánse ir levando a cabo pouco á pouco. O pirmeiro no que debemos fixarnos e no caciquismo. Temos que desbotalo do noso chan. En poucos lados ó caciquismo botou raíces tan fondas coma n'a nosa terra, dando vergoña ver que autoridade toma n'algúis pobos. Impónsenos contr'a vountade pol-os gobernos que sin il non poderían *governar pra eles* y esa forcia imposta non debemos consentila.

E cárega moi pesada pra levala as costas é tan calados. Camiñamos co-el á pasar, a seguir vivindo como até eiquí sin aspiracións y ese non é o noso ideal anque poida ser ó d'otros porque non esta n'a nosa sangue que nos ferve á cachón. Debemos camiñar co progreso dos tempos que nos dice que baixo d'o aire mal olente é cheiroso do caciquismo asovallante, nin hoxe, nin mañán, nin nunca chegaremos á ser mais do que somos, esto é, ó mesmo que decir que nunca chegaríamos á ser nada.

Por boa ventura é pr'a nosa dita as ilusións non poden ser maiores y os ventos veñen ao noso deseyo. No meu peito como n'o de todos latexan deseyos é alentan espranzas moi grandes é moi xustas.

Galicia, a nosa terra, coidábaa morta, pro confeso qu'e n'esa crencia non estaba n'o certo. Víase sumida n'un fondo sono, tan fondo que parecía non chegar nunca ó día de despertar d'il, pro hoxe érguese chea d'alentos farta de tanta inxuria. Ten dereito á vida é por iso berra é por iso reclama. Quere ser libre y-os pirmeiros esforzos, os pirmeiros puxos que fai pra recobrar a liberdade perdida n'unha data inolvidable, son esforzos cheos de fe, pra desbotar lonxe da sua veira, canto lonxe poida, á política centralizadora que'a envolve c'as suas redes. Nobre causa a da sua liberdade e nobre bandeira á qu'ergue n'a loita, á bandeira d'o rexionalismo n'o qu'istá ó noso rexurdimento. Os bos galegos, os verdadeiros fillos

d'ista terra traballamos é loitamos cheos de fe por ela. ¡Adiante qu'imos por bon camiño!

XESÚS FARIÑA.

Na Cruña 27 de Abril de 1917.

#### UN BÓO CONSELLO

### DI O GRAN ENXEBRE...

E parézeme ben a orientación que irdes dando aos rexionalistas gallegos: a nezesidade ausoluta de oferzeren à causa un total e compreto sacréfcio. Os que se din rexionalistas—e mais na Cruña e n'outros pobos vexo algúis—e adican toda a sua vida à millora propia: pûsición, soldada, millora de soldada, eicetra, eses son os fariseos da causa, os que retrasan o seu triunfo, polilla de logreiros; e ainos que desentemascaren, porque matan, de feito, todo o labor noso, a costa de que Galicia tarde mais do debido en chegar a sere autónoma e dona do traballo gallego.

O que non teña peito pra sacréfcírese diariamente pola causa, ese non merez usurpare o nome de rexionalista gallego, e moito menos merez que se lle deixe amparárese del, pra o seu logro e porveito, a costa nosa.

Eses epicúreos do Rexionalismo, padricadores da redención de Galicia pra iren redimíndose eles debémolos botare pra as ergástulas, coma escravos que son dos nosos verdugos. E non consentírelles que alternen con nos. E non llo consintire, dicindo púbricamente por qué. Si eles atenden somentes ao seu porveito, noraboa; pro non consintamos a eses adulós dos nosos verdugos formaren de par de nos, cando lles convén.

Os rexionalistas gallegos non podemos, polo d'oxe, ter outra regra que a do sacréfcio pola causa. Á mais esa riguridade será a nosa forza. A mais esa riguridade a d'estar patente de cotío nas nosas falas, e aínda moito mais nos nosos feitos.

Saudando a todo los rexos redautores de A NOSA TERRA, permitídeme que vos diga estas verbas do meu Libro de Consagración:

Sede poetas nos versos, e sédeo tamén, fieles ao voso programa, no voso vivir.

AURELIO RIBALTA.

### DO MEU FEIXE

A bandeira.

As donas e donicelas da Cruña van agasallare à Irmandade d'aquela vila coa bandeira. Moi ben. Mais eu non son moi amigo de bandeiras e de símbolos. Todos iles son berbe da preguiza inteleutual. Cando nos pobos non hai contenido de pensamentos, déitanse no leito dos símbolos, pra descansar, e dormen mainamente n'il. Cando as razas non saben ó que pensan e porque ó

pensan, coidan qu'os símbolos son pensamento e ideia. Uha bandeira pode sere faro que guíe, mais pra qu'o sexa e perciso qu'os que camiñan, os peregrinos que van cos pés dispidos, seipan que a bandeira non é outra cousa q'un signo, que leven a ideia representada no mais fondo da y-alma.

O escultore qu' aldraxou feramente a Praza compostelana sirveuse dos símbolos pra disfrazare o aldraxe. Na Praza hay catro edificios que, según o pobo, son símbolos da Xusticia, da Cencia, da Caridade e da Fe. Y-o artista (?) simbolizou ises símbolos, porque no seu miollo non atopou ideias pra levare ás pedras a grandeza d'aquel ambiente. ¡Y-os amigos das meiroas—aquelo é unha meiroada—gabaron o autore pol-o seu acerto!

No cuño da Irmandade ferrolán hai unha fouce con un punto interrogativo debaixo d'ela. E ningún, ou cuáseque ningún dos asociados soupo interpretar o símbolo.

¿Saberán os galegos ó que quér decire nosa bandeira? ¿Non coidarán qu'é un estandarte mais pra facere bonito?

XAIME QUINTANILLA.

O Ferrol, 2 Mayo 1917.

## Peneirando...

Dixo un xornal cruñés ó que lle fixo coro outro ferrolán, falando do preito dos consumidores da Cruña que á esto millor que a tanto lírico *Deus Fratresque Gallaetia* deberíase atender.

A esto e a mais que a esto vimos nos atendendo. Coma que queremos atacare as doenzas do centralismo pol-a raíz, non pol-as follas.

E eisí hoxe protestamos contra do ausurdo, vergoñoso e *sospeitoso* Real decreto que con data 19 d'Abril derradeiro fixo o señor Gasset ordeando a revisión dos contratos d'obras municipás feitos dende 1.º d'Agosto do 1914 e facultando ós gobernadores civís pra elevar os prezos fixados nos mesmos, c'o pretexto de que co'a guerra, encareceron os materiais de construción.

Casares Quiroga ergueu a sua voz elocuente, chea de valentía, no Concello cruñés pra soste que por dinidá y-economía hai que repeler aquela agresión do ministro de Fomento.

Namentras, o xornal abogado dos consumidores pecha a boca pra non enoxar ó funesto Gasset. ¡Ai, colega que se nos ve a orella!

Mais axiña se colle a un rexionalista de labios afora que a un nacionalista sinceiro.

\*\*\*

A «Mutualidade escolar da Escola nacional de Caranza», modelo d'entidás á moderna, que preside dinamente noso amigo Antón García, rapaz enxebre e culto, publicou un folletíño con motivo da festa do árbore.

Todol-os traballos que n'él aparecen son escritos no galego, agas dous: o do inspeitor de 1.º insino e o do mestre D. Antón Castiñeira.

Mais non ten nada d'estrano. Ese inspeitor e ese mestre non concen o noso idioma; non son nados en Galicia.

Coma que un é de Lugo e do Ferrol o outro.

\*\*\*

En troques, o culto xesuita P. Celestino García Romero—a quen xa temos loubado n'esta folla—ven publicando formosos traballos galegos en prosa e verso no notabre boletín compostelán *Catecismo de Niños y Niñas*.

E por eles lle damos nosa embora.

\*\*\*

Fíxose en Barcelona a «diada» de Pi y Margall. Todol-os españoles republicanos gaban sua lembranza. Pro como di mui ben *La Veu de Catalunya*, o fracaso de D. Francisco foi o mais deloroso.

A asimiliación castelana fixo estéril o seu esforzo inteleutual. Os mesmos que se chaman federales soyo recordan os seitarismos do mestre. A sua fórmula astrauta de federalismo relacioada co-as nacionalidades todos a esquencen.

Y eisí Pi y Margall antr-os seus sigue sendo un «solitario». Si vivira hoxe tería de sere nacionalista. Porque nos seus notabres libros moitos elementos biolóxicos fondonísimos do nacionalismo, inda non tiveran estudo.

\*\*\*

*La Voz del Obrero*, boletín sinceiro, orgo dos sindicatos obreiros da Cruña, no que poñen sua man prumas ben talladas que nada teñen d'envexaralles ós profesionás do xornalismo, publicou no derradeiro número un artigo gabando o xeito oportuno dos «Amigos da Fala» de facer un auto lembrativo dos mártires de Carral.

«Ali, en preno campo—di o querido colega—todol-os amantes da redención cidadana e campesina teñen de facer chegar seus berros de protesta e de lembranza á todol-os ámbitos da nosa rexión, viveiro de caciques malandrís.»

Onóranos a gabanza de tan sinceiro boletín. E coma él coidamos que na sociedade española o proletariado é, desgraciadamente a úneca clás que inda mantén aceso o espírito de rebeldía.

\*\*\*

A *Liga d'Amigos* de Santiago de Mera (Ortiguera) que tanto traballa pol-o progreso agrario e gandeiro da comarca, organizou n' hora boa unhas conferencias de moito intrés.

A primeira estivo á cárrego do Sr. Hernández Robredo; a segunda, douna o señor

Rof Códina (catalán exemprar que sinte a Galicia e que leva feito moito pol-os nosos labregos).

Axiña se darán outras. Merece loubas a *Liga d'Amigos* de Mera. Meréceas tamén a lembranza de D. Luciano Pita que tanto fixo pol-a gandería galega.

E fixédebos n'este dato curioso: quenes mais traballan pol-o progreso agro-pecuario da nosa terra non son nados en Galicia: non é galego Hernández Robredo, nin Rof Códina, nin Garcyibarra, nin Hernansáez nin varios mais que axudan ós nomeados, na sua cultural cruzada.

E logo, tanto rexionalismo... de discurso cursi; tanto arroteo rexionalista elocuente de final de xantar. ¡Farsantes!

\*\*\*

*El Noroeste* di na sua seición «Para andar por casa», do día 4.

«La asociación musical *Toxos e frores* que es sumamente gallega en todo menos en el título, puesto que flor en el dialecto regional se dice *carabel*...»

Esta si que é boa. De maneira que ¿carabel? ¡Vaites, vaites!

Os *carabeles* das árbores froitás ¿non? ¿E *frorido*, e *frorescer*, non poderemos dicilo? ¿E aquela barcarola de Gomes Charino?

«As frores do meu amigo  
Briosas van no navío.  
E vánse as frores  
D'aquí ven con meus amores...»

Poida que nos séculos XII e XIII, en que froresceron os trovadores galegos, non souperan tampouco o que dicían.

Como non o sabía Curros ao escribir:

Cando nas festas maores  
Era esperado o gueiteiro  
Botábanlle as nenas *frores*  
Ledas copras os cantores  
Foguetes o fogueteiro.

\*\*\*

O xornal *rexionalista* da Cruña publicou no día 2 uns *versos graciosísimos*, dicindo antre outras cousas:

«¡... un pastoril asunto  
para Os Amigos da Fala.  
Para más naturalismo;  
de cuando en cuando, la vaca  
sin usar papel higiénico...  
¿entiende el lector?... Pues basta.  
...  
—¡Ei, Carballeira!  
¡Deus e tres frascos, carainas!»

Esto non somella moi rexionalista; pero, con certeza, eses *versos* conteñen todo o ideal do xornaliño.

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

PEDIDE SEMPRE

**CHOCOLATES BRANDARIZ**

VENDENSE EN TODOL-OS COMERCIOS

D' ULTRAMARINOS

**Enrique Brandariz y C.<sup>a</sup>**

Ronda da Coruña, 22. — LUGO

**CONTOS GALLEGOS****— DE —  
ASIEUMEDRE**

Pol-a cativa cantidá de dous reás podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

**LABREGOS:**

Si queredes encontrar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE** ductos, empregade o

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL**

**H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico dá poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Ponte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

**CIRCO, 16-BAIXO — VIGO**

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR  
E DECORAR CRISTAL**

—><—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA**

**VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

**Pedidos: W. LOSADA**

HOTEL CONTINENTAL

**Os "Previsores do Porvir"**

SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO

*Chegou a 40 millóns de pesetas de aforro  
en doce anos*

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben impentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., per Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó auto-re, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.